


PROXECTO INTERCENTROS

II FEIRA DA CIENCIA E A LITERATURA

BUEU 04/05/2019



Memoria individual. Modalidade 3

CEIP Plurilingüe Montemogos

ÍNDICE

1.	XUSTIFICACIÓN.....	3
1.1	PLANIFICACIÓN EN RELACIÓN COS CONTIDOS, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.	3
1.2	COMPETENCIAS CLAVE.....	3
1.3	ORGANIZACIÓN E CALENDARIO.....	5
1.4	ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE	6
2.	OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN.....	7
3.	DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....	7
4.	DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.....	8
5.	RELACIÓN DE TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO.	10
6.	RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.	12
7.	IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.	13
8.	DIFUSIÓN DOS TRABALLOS	13
9.	AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.	13
10.	FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO. .	15

1.XUSTIFICACIÓN

No mes de setembro chega ao centro a proposta do IES Johan Carballeira de dar continuidade á “FEIRA DA CIENCIA E DA LITERATURA”, traballo colaborativo intercentros que se iniciou no curso 2017-18. Os magníficos resultados da edición anterior animáronnos a participar. Enmarcamos a proposta no PDI deste ano “Habelas, Hainas... Her story” que pretende visibilizar e pór en valor o papel da muller en diferentes ámbitos.

O proxecto encaixa á perfección co noso desexo de levar a cabo traballos colaborativos con outros centros, ao tempo que apoia dinámicas de traballo cooperativo tanto por parte do profesorado como do alumnado dentro do centro e a recuperación do laboratorio escolar.

É importante a dimensión pública da proposta que implica a distintos colectivos sociais e non unicamente á comunidade educativa.

1.1 Planificación en relación cos contidos, criterios e estándares de aprendizaxe.

Os contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación deste proxecto están enmarcados nos contemplados no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Concreción curricular

1.2 Competencias clave

Competencia Lingüística (CCL):

A dimensión comunicativa que ten este proxecto propiciou un traballo importante de expresión oral. A finalidade era proporcionar aos nenos e nenas ferramentas para

enfrentarse a un público diverso, dende nenos ata adultos. Este traballo non se limita só á forma de falar senón tamén á postura corporal, xestual... de maneira que se empaticice co interlocutor e se manteña a súa atención.

A expresión e comprensión escrita e habilidade lectora traballouse na búsqueda e elaboración da información, traballando diversos tipos de textos, resumes, esquemas, carteis, biografías, dípticos informativos.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):

Resolución de retos e problemas

Aplicación de estratexias de razoamento para construír hipóteses e defender argumentos.

Perfeccionamento de habilidades para o deseño e construción de experiencias sinxelas tratando de seguir os pasos básicos do método científico.

Competencia dixital (CD):

Usar de maneira crítica e reflexiva a información e as súas fontes.

Avanzar no coñecemento das ferramentas tecnolóxicas para crear as actividades da feira (kahoot, sopas de letras, cartelería explicativa).

Manexo de aparellos: escáner, proxector, altavoces, tabletas...

Competencia para aprender a aprender (CAA):

O produto final deste proxecto, que é a comunicación ao público visitante do traballo realizado fai que o alumnado ao longo do proceso se esforce en interiorizar os coñecementos adquiridos para aplicalos e explicalos nun contexto social.

Competencias sociais e cívicas (CSC):

Destacamos o carácter voluntario da participación. Aportar o seu esforzo voluntariamente á comunidade é un valor cívico fundamental.

O traballo en grupo, analizar e tomar decisións consensuadas foi un traballo importante ao longo do proxecto .

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

Elaboración de propostas para o deseño do stand sobre todo do espazo creativo” Hands - on experiencie”

Conciencia e expresións culturais (CCEC):

A relación entre a literatura e a ciencia reflectíase no produto final a “II Feira da Ciencia e a Literatura”, no transcurso do deseño das actividades adquiriron conceptos históricos e científicos a través da literatura.

1.3 Organización e calendario.

A II Feira da Ciencia e a Literatura tivo lugar o 4 de maio de 2019. Ao inicio de curso elaboramos un plan de traballo que abrangue dende setembro ata finais de abril.

A primeira reunión, a primeiros do mes de outubro, serve para elaborar o plan de traballo que vamos a seguir e organizar o que fará cada equipo.

BIBLIOTECA	ARTS & CRAFTS	LABORATORIO	MÚSICA TICS
Seleccionar e organizar á búsqueda de información e a bibliografía	Deseño e elaboración cartel do stand	Deseño e preparación de experiencias científicas	Makey makey: piano de froitas. Robótica

Proposta do libro para o club de lectura	Confección photocall	Proposta para a montaxe do recuncho	
Organización de todo o proceso: enlace ós centros participantes, coas familias e cos distintos sectores sociais que participan no evento		Hands-on experience.	

A nosa intención era aportar á “Feira da Ciencia e da Literatura” actividades dirixidas aos nenos e nenas de Infantil e Primaria. Tentamos combinar actividades científicas, literarias e lúdicas: explicación dos experimentos, manipulación de instrumental científico, sopas de letras, actividades plásticas, xogo de dados unificando escritoras e científicas, photocall, actividades de robótica, kahoot, foron algunhas das nosas propostas.

1.4 Alumnado e profesorado participante

Alumnado de 6º de Primaria.

Profesorado: Ana Mesías Grangel (Titora de 2º Primaria e Laboratorio), Víctor Manuel Fernández Fuentes (Inglés, Arts & Crafts, Tics), Carmen Curra (Tics, E. Infantil) Vanessa Fernández (Directora, Arts & Crafts), Julia Iglesias Jiménez (Música), José Jesús Obenza de Saa (Audición e Linguaxe) e Mª José Barros Avilleira (Biblioteca, E. Infantil).

2.OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN

A temática deste proxecto é “**A muller na ciencia e na literatura**”.

Esta proposta forma parte dun traballo máis amplo “**HABELAS, HAINAS... HER STORY**” proxecto documental de investigación, proposto dende a Biblioteca para o curso 2018-19. O fin é visibilizar o papel de muller es todos os ámbitos sobre todo no campo científico.

Partindo da investigación sobre mulleres na historia, recoméndase como lectura para o club “A señorita Bubble” de Leticia Costas inventora e científica. A través desta lectura introducimos ao alumnado no mundo do experimentos científicos do laboratorio e outros valores.

3.Deseño e elaboración da proposta



A proposta xira arredor da nosa participación na II Feira da Ciencia e a Literatura. Diríxese a alumnado voluntario de 6º de Educación primaria. O produto final consiste en presentar un

stand na feira na que a muller no ámbito científico é a protagonista. Neste contexto o alumnado debe comunicarse co público, explicando as diferentes actividades.

Iniciouse o traballo investigando sobre distintas mulleres e a súa contribución á ciencia e á tecnoloxía ao longo da historia. Esta investigación levounos a propoñer a lectura da obra de Leticia Costas “A señorita Bubble”, una muller inventora e científica que ten un laboratorio moi especial. A lectura deste libro, xunto coa exposición de material científico do laboratorio escolar, foron a base do experimento presentado na Feira. Esta proposta permitiúnos introducir os seguintes elementos no stand: o movemento cultural steampunk e o recuncho hands-on-experience no que o público crea e interactúa libremente cos materiais.

As persoas responsables de encher de contido e actividades este esquema son os docentes que voluntariamente participan no proxecto e o alumnado de 6º propoñendo actividades, recursos, bibliografía e materiais a empregar.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Profesorado

Presentación de obxectivos e definición do proceso.

Temporalización de tarefas programadas desde setembro ata abril.

Dossier de Organización da Feira.

Organización das visitas e obradoiros que se realizaron.

Para consultar a documentación:

<https://drive.google.com/open?id=1JsmmUh8uot2-VFpQtpxk52WgzmNe3Ha>

Alumnado

Presentación elaborada para o “Día da muller e a nena na ciencia”

https://issuu.com/colecabalo/docs/d_amullernenacient_ficacole

Organización de charlas, conferencias e exposicións orais

<https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/12/maria-loira-academica.html>

https://issuu.com/colecabalo/docs/marie_curie.pptx

https://issuu.com/colecabalo/docs/criminolo_x_a

Listaxe e exposición de material do laboratorio con cartelería en galego e inglés.

https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/11/novembro-mes-da-ciencia_20.html

Recompilación de recursos online para crear sopas de letras

Bibliografía

<https://drive.google.com/open?id=1my-ycWHtGipgvnrzAAoKH4z4NWKDOoKp3>

Actividades en liña: kahoot

https://drive.google.com/open?id=185lcl9GSP0YeM9hPED5wC_Wm25EvpZC-

Charla-coloquio con Leticia Costas no IES JOHAN CARBALLEIRA

<https://bibliomontemogos.blogspot.com/2019/02/encontro-con-ledicia-costas.html>

Noticias, no blog, relacionadas con mulleres destacadas en diferentes ámbitos:

<https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/12/mulleres-de-premio.html>

5. RELACIÓN DE TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO.

O noso alumnado foi protagonista en todo o proceso, especialmente o alumnado “**voluntario**” que o día da Feira colaborou e participou activamente ao longo de toda a xornada, sendo quen de desenvolver as actividades de xeito autónomo e colaborativo, poñendo de manifesto unha actitude altruísta e solidaria.

A continuación referimos de xeito pormenorizado as distintas actividades das que formaron parte:

- Concurso: Mulleres.

<https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/11/novembro-mes-da-ciencia.html>

- Elaboración de información para resolver kahoots sobre científicas galegas.

<https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/11/cientificas-galegas.html>

- Lectura do libro “A señorita Bubble”. Análise, resumo, comentario, valoración e opinión persoal.

<https://bibliomontemogos.blogspot.com/p/clubes-de-lectura-do-curso-20.html>

- Contos con ciencia. Cada venres de novembro, un grupo de alumnado leu en voz alta un conto a alumnado doutros cursos para, a continuación, explicar un experimento relacionado con dita lectura.

https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/11/novembro-mes-da-ciencia_16.html

https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/11/novembro-mes-da-ciencia_29.html

- Traballos de investigación sobre científicas.

<https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/11/cientificas-galegas.html>

<https://bibliomontemogos.blogspot.com/2018/11/novembro-mes-da-ciencia.html>

- Elaboración de carteis con información para a Feira.
- Deseño e pintura do cartel para decorar o fondo do stand.
- Deseño e elaboración da Srta. Bubble para o photo call.
- Elaboración dunha sección de Faro da Escola.

https://drive.google.com/open?id=1DypHbi1_hDAgRmkR9BMIFWrRdjMqGPxp

- Deseño e elaboración dos xogos para o bee bot: taboleiros, tarxetas e ilustracións. Manexo dos mesmos e explicación aos nenos e nenas que asistiron á Feira.
- Preparación das explicacións sobre as actividades levadas á Feira.
- Distribución de tarefas asignadas e horario.
- Preparación do experimento, cromatografía e condutividade eléctrica, no laboratorio en pequenos grupos:
 - 1º) Explicación das normas básicas de seguridade e do método científico.
 - 2º) Presentación e observación do produto final o que permite ao alumnado formular hipóteses previas á súa experimentación.
 - 3º) Presentación do material, nomenclatura, usos e normas de seguridade do laboratorio escolar.
 - 4º) Montaxe do circuíto eléctrico e realización da cromatografía.
 - 5º) Práctica da explicación do aprendido en pequeno grupo.

6º) Comunicación ao gran grupo.

- Divulgación científica no stand da Feira ao público asistente.
- Participación activa nas diferentes actividades.

6. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.

Recursos

- Ferramentas de google: correo electrónico, drive, youtube, google maps...
- Pantallas dixitais.
- Libre Office e impress
- Cámaras de fotos, móbiles (vídeos).
- Ordenadores e tabletas.
- Libros de lectura e información da Biblioteca.
- Beebot,
- Material de laboratorio: material para montaxe de circuitos eléctricos, material funxible (acetona, alcohol, limóns, diferentes tipos de sal, papel de filtro), outro instrumental de laboratorio.
- Material para Arts&Crafts: témpera, pinceis,

Fontes:

- Fondos da Biblioteca (libros de lectura e información).
- Páxinas webs e recursos dixitais.

- Revistas e periódicos

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Implicación dos centros de ensino: xuntanzas iniciais e de seguimento co IES Johan Carballeira e coordinación cos centros participantes.

Implicación das familias: ao inicio do proxecto levouse a cabo una xuntanza coas familias. Ao tratarse dun proxecto de proxección pública por parte do alumnado e, ao realizarse fóra do centro, precisabamos obrigatoriamente da súa colaboración para poder levalo a cabo.

Implicación do profesorado: en canto ao profesorado, engadir que ademais do profesorado que participou directamente no proxecto, engadíronse compañeiros e compañeiras voluntarios para axudar na organización do stand. Cabe destacar o apoio do equipo directivo, fundamental para o desenvolvemento do proxecto.

Implicación do Concello: colaboración en canto a materiais, recursos e infraestrutura que puxo a disposición de todos os participantes.

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Usamos todos os medios a nosa disposición para que as actividades realizadas tivesen a maior difusión posible: páxina da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, cartelería, prensa escrita, difusión nas redes sociais, e publicidade de todas as actividades na páxina web do centro e no blog da biblioteca.

9. AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

Avaliamos a mellora nas competencias do noso alumnado:

Aprender a aprender.

Con esta competencia preténdese que o alumnado aumente a súa autonomía para aprender por sí mesmo coas actividades programadas. Esta competencia traballouse transversalmente en todas elas e mediante a observación, sobre todo, constatamos un avance na aprendizaxe autónoma e na habilidade para obter información e transformala en coñecemento.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Avaliamos a capacidade para resolver problemas que ían xurdindo na elaboración dos distintos materiais e recursos e, en especial, o día da Feira, solucionando de xeito autónomo pequenas incidencias ante o público.

Comunicación lingüística. Competencia dixital.

Os estándares que avaliamos dentro desta competencia foron:

-Utilización da linguaxe verbal e non verbal como instrumento de comunicación oral.

Valoramos a súa actitude e disposición cara ao público o día da Feira.

-Lectura e comprensión de textos complexos: avaliado a través da lectura e comprensión do libro “A señorita Bubble” e da procura, comprensión, elaboración e transmisión da información.

-Producción de textos de diversa tipoloxía que lles permitan resumir, narrar, explicar e expoñer.

-Uso de maneira autónoma das TICS para búsqueda da información, tratamento dos textos, realización de presentacións, xogos e actividades.

Conciencia e expresión culturais.

Valoramos a imaxinación e a creatividade á hora de elaborar materiais para a Feira: Photo call en 3D, personaxes, carteis....

Valores cívicos e sociais.

Para nós esta competencia foi prioritaria. Destacamos os seguintes criterios avaliados:

-Establecer relacións positivas empregando habilidades sociais.

-Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.

-A empatía, o respecto das regras e a colaboración positiva cos demais, así como a actitude altruísta e solidaria.

Para a avaliación do proxecto empregouse a observación en cada fase así como a recollida de achegas nas xuntanzas mantidas. Esta avaliación permitiunos revisar os seguintes aspectos: as propostas de traballo, a temporalización, adecuación dos espazos e recursos, a consecución dos obxectivos, a participación do alumnado e profesorado, a coordinación intercentros e o resultado final.

Ademais, a final de curso, recolleuse a valoración da feira realizada polo profesorado, familias e alumnado, obtendo información que nos servirá de base de cara á seguinte feira.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

O papel da biblioteca foi fundamental para o desenvolvemento do proxecto. Unha vez que o IES Johan Carballeira nos envía a proposta, é o Equipo de Biblioteca o encargado de

deseñar as liñas de actuación, de presentar ao claustro o Proxecto, explicar en que consiste e animar a participar na iniciativa.

Tomada a decisión de participar co alumnado de sexto de primaria, a biblioteca asume o papel de coordinadora:

- Recoller suxestións e aportacións.
- Deseñar actividades e documentos.
- Aportar recursos bibliográficos e dixitais.
- Organizar espazos e tempos.
- Implicar e animar ao equipo de “Voluntarios” en todo o proceso.
- Traballar co Club de Lectura.
- Divulgar as actividades e traballos desenvolvidos.
- Recoñecer e valorar a implicación de toda a comunidade educativa.
- Manter unha comunicación fluida co IES Johan Carballeira e os demais centros participantes.

Mª José Barros Avilleira

Coordinadora da Biblioteca

Beluso, 27 de xuño de 2019

CEIP PLURILINGÜE MONTEMOGOS